


Polideportivo



**DOMINGO 15
DECEMBRO 2019**

MENORES: 11:00h - ADULTOS: 12:00h

GRAN PREMIO CAIXABANK



Esta carreira colabora con:



Patrocinador oficial:



RUGBY

Final Liga Galega sénior feminina

O Muralla Rugby Club disputará mañá a partir das 12:00 horas ante Crat B no Complexo Deportivo Acea da Má, na Coruña, a súa quinta final consecutiva

PÁDEL

Continúa o Campionato Galego

As mellores palas galegas, masculinas e femininas, citaranse no D10 para facerse cos 6.000 euros en metálico que reparte en premios a Federación Galega nas diferentes categorías

Partidos destacados

HOXE 17:30h. VOLEIBOL SUPERLIGA 1, CV Emevé - Río Duero Soria

MAÑÁ 18:00h. FÚTBOL 2ª DIVISIÓN, CD Lugo - Spórting de Gijón

HOXE 18:30h. FÚTBOL SALA 1ª DIVISIÓN FEMININA, Burela- El Pozo

MAÑÁ 16:00h. FÚTBOL 3ª DIVISIÓN, RC Villalbés - Rápido de Bouzas

CICLISMO

Presentado o Gran Fondo Os Ancares Cycling

Unha proba que terá a súa saída o vindeiro 26 de xullo en Pedrafita, con meta no Cebreiro. Nace para potenciar o turismo deportivo na zona co apoio da Deputación Provincial de Lugo

M. LOSADA

M U L T I M A R C A

Guitiriz

www.automovilesmlosada.com





Quinta final consecutiva para o Muralla Rugby feminino

Mañá a partir das 12:00 horas no Complexo Deportivo Acea da Má, na Coruña, o equipo da Liga Galega sénior mídese ao Crat B co título en xogo

Tanto Xabarán Rugby Club coma o Euita Rugby Club foron os pioneiros do rugby feminino en Lugo, formando equipos de rapazas nos anos 90 e principios dos 2000.

Na tempada 2013-14, o rugby feminino regresou a Lugo esta vez da man do herdeiro de ambos clubs, o Muralla Rugby Club, podendo inscribir na competición un equipo de mulleres que realizou un gran papel nesta primeira tempada baixo a dirección de Noé Lopez e Dani Sever, con xogadoras pouco experimentadas, que na súa maior parte, tiveron o seu primeiro contacto con este deporte pero que fixeron camiño para as xeracións que están hoxe en día competindo na Liga Galega.

Logo de asentar as bases na primeira tempada de creación, no segundo curso fíxose cargo do equipo Feminino Miguel Anxo García Grandas, quen sería relevado por Marta Castro Girona na tempada 2015-16, na que se gaña o primeiro título de Liga.

Despois dese ano o proxecto continúa da man dun histórico do rugby lucense, Luís Javier Martínez "Gogo", quedando segundas tras perder a final co Lalín Rugby Club.

Na tempada 2017/18 faise cargo do equipo Eduardo Martínez, conseguindo de novo o título ligueiro gañando a Lalín na mesma final que a

tempada pasada, para o ano seguinte volver á final contra CRAT e quedar segundas nun axusta-



dísimo encontro, como se espera a final deste ano, que volve tocar fóra de casa: Mañá a partir das 12:00 horas no Complexo Deportivo Acea dá Má.

Pero as mozas do Muralla non estarán soas, xa que en fronte, hoxe competindo nas filas do CRAT

habará vellas coñecidas: Alicia San Martín, Judith, Jess, vestiron varias tempadas a elástica lucense.

O camiño do rugby feminino que abriron no seu momento Xabarán e EUITA atópase hoxe, grazas ao Muralla R.C. e á súa Escola, nun momento doce.

Nos equipos inferiores do Muralla, combinando as súas actuacións entre o equipo Sub 16 e algunha xa no equipo Sénior, atópanse Paula Valín, Lola Rodino, Irea Cendán, Icia Fernandez, Analyce Maciel, Paula Seoane, Gracielly Carvalho, Carolina Paz e Aroa Branco. Elas serán as primeiras en chegar ao equipo absoluto, vixiadas xa moi de cerca polo corpo técnico do Muralla R.C.

Aínda que serán as primeiras non serán as únicas, xa que ademais delas están nas categorías inferiores, Paula e Lucía Vilabo e Rosa Seijas en su14, Adriana Serén en Sub 12, Ena Casal (Sub 10), Irene Núñez e Sainza Morado (Sub 8) e Sabela Arias no equipo Sub 6, estas últimas adestradas pola inagotable Marta Castro, ex adestradora e xogadora do equipo sénior feminino do Muralla Rugby Club.

Como se pode comprobar, o Rugby feminino na cidade de Lugo goza nestes momentos de moi boa saúde, faltándolle quizá un empurrón máis por parte das administracións e da sociedade lucense para con todo iso poder seguir crecendo do xeito que o vén facendo o Muralla Rugby Club nas últimas tempadas.



BILLAR

COMPETICIÓN BILLAR

CATEGORÍA	LOCAL	VISITANTE
Eq. Liga G. A	Bad Bugs	Dovalitos
Eq. Liga G. A	Flama	Pub Omega
Eq. Liga G. A	Pigeons.es	Cantimploras
Eq. Liga G. A	Os Afillados	Bolita Nocturna
Eq. Liga G. A	Mouchos	D'Vuelta
Eq. Liga G. A	Raposo	Tania y Bandidos
Eq. Liga G. B	DOEL	Open Tiempos
Eq. Liga G. B	Pulpería Mónica	Bar Charlie
Eq. Liga G. B	Chámalle X	Como Sempre
Eq. Liga G. B	Pingos	O Braseiro
Eq. Liga G. B	Bar Luna	Nanadeco
Indv 1ª-2ª	Óscar López	Jorge Blanco
Indv 1ª-2ª	Carlos Palmeiro	Alejandro Doval
Indv 1ª-2ª	Borja López	Jose A. Cazón
Indv 1ª-2ª	Joaquín de Santiago	Jose M. Díaz
Indv 1ª-2ª	Carlos Fraga	Pablo R. Mondelo
Indv 3ª-4ª	Juan P. Rábade	Enrique Freire
Indv 3ª-4ª	Justo Pérez	Ángel Doural
Indv 3ª-4ª	Luis Rguez	Alfredo Mosteirín
Indv 3ª-4ª	Andrés González	Laura Sarai
Indv 3ª-4ª	Dragomir Lionel	Carlos Vázquez
Indv 3ª-4ª	Jaime Fontal	Mar Expósito
Indv 3ª-4ª	Samuel Yanes	Héctor Forneas
Indv 3ª-4ª	Adrián Fuentes	Jose M. Basanta
Indv 3ª-4ª	Amalia Buide	Jose A. Sampayo
Sénior OP	Rubén Fdez	Diego Ferreiros
Sénior OP	Fernando Ríos	Justo Rguez
Sénior OP	Carlos Hermida	Rodrigo García
Sénior OP	Víctor Castro	Carlos Clares
Sénior OP	Jaime Fontal	Manuel Rey
Sénior OP	Enrique Freire	Jose Capón
Sénior Omega	Jose R. Gallego	Jorge Tella
Sénior Omega	Gonzalo García	Jose Anido
Sénior Omega	Montse Novo	Alberto Ramallal
Sénior Omega	Jose M. Murias	Celso Anido
Sénior Omega	Rafael Vidal	Alfonso Lombardia
Sénior TM	Samuel Yanes	Patrick Rio
Sénior TM	Alfredo Mosteirín	Jose A. Sampayo
Sénior TM	Dragomir Lionel	Jose Manuel Díaz
Sénior TM	Susana López	Alberto Rguez
Sénior TM	Jose Cazón	Diego Rguez
Sénior TM	Amalia Buide	Amable Ramos
Sénior TM	Manuel Pérez	Jaime Fdez
Liga Local	Santa Compañía	Billar Pool
Liga Local	Bolita y Bolita	Poolmonia
Liga Local	Siglo XXI	Latín Spain
Liga Local	Falcóns	Nanadeco
Liga Local	Santa Lagaña	Scucus



TENIS MESA

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª Nacional	Conxo TM	CD Dez Portas	Conxo	Hoxe 16:30h
2ª Nacional	CTM Milagrosa	Ourense TM	Frigsa	Hoxe 17:00h
3ª Nacional	TM Ribadeo A	Rábade	Ribadeo	Hoxe 16:30h
3ª Nacional	CD Dez Portas	Mazaricos	Frigsa	Hoxe 17:00h
1ª Div. Masc.	San Ciprián	La Pelu de Sixto	San Ciprián	Mañá 11:00h
1ª Div. Masc.	CD Dez Portas	CTM Coruña B	Frigsa	Mañá 11:00h
1ª Div. Masc.	CTM Milagrosa	Penalopesa	Frigsa	Mañá 11:00h
2ª Div. Masc.	TM Ribadeo	A Zarra	Ribadeo	Hoxe 16:30h
2ª Div. Masc.	Finisterre TM	CD Dez Portas	Fisterra	Hoxe 18:00h



BALONCESTO



COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga LEB Oro	San Agustín	Bregóan	Son Moix	Mañá 19:00h
Liga Día	Ensino	Clarinos	Pazo	Hoxe 19:00h
Liga EBA	Estudiantes	Basket Xiria	Pazo	Mañá 19:00h
Liga EBA	Betanzos	CB Chantada	Betanzos	Mañá 17:00h
1ª División M.	Celtas	Eume	Foz	Hoxe 18:00h
1ª División M.	CB Viveiro	Cambre	Viveiro	Mañá 17:00h
1ª Júnior M.	CB Allariz	Estudiantes	Allariz	Hoxe 18:00h
1ª Júnior M.	Ourense	Ensino	Paco Paz	Mañá 12:00h
1ª Júnior F.	Compañía	Ensino	Vigo	Mañá 12:00h
1ª Júnior F.	Estudiantes	Peleteiro	Anexo	Hoxe 18:00h
1ª Cadete M.	Estudiantes	B. Coruña	Anexo	Hoxe 16:00h
1ª Cadete M.	San Ciprián	C. Artabra	Municipal	Hoxe 11:00h
1ª Cadete M.	Ensino	Culleredo	Anexo	Hoxe 20:00h
1ª Cadete M.	CB Ribadeo	Basket Ferrol	Ribadeo	Mañá 19:00h
1ª Cadete F.	Estudiantes	Giraldo CBV	Anexo	Mañá 17:00h
1ª Cadete F.	Ensino	Peleteiro	Anexo	Hoxe 16:00h
1ª Infantil M.	Estudiantes	Montrove	Anexo	Mañá 12:00h
1ª Infantil M.	Culleredo	Maristas	O Burgo	Mañá 12:00h
1ª Infantil F.	Estudiantes	CB Burela	Anexo	Mañá 12:00h
1ª Preinf. M.	Estudiantes	B. Coruña	Anexo	Mañá 10:00h
1ª Preinf. M.	Celtas	C. Artabra	Foz	Hoxe 11:00h
1ª Preinf. F.	CB Burela	C. Artabra	Burela	Hoxe 11:00h
1ª Mini M.	Narón	Maristas	Narón	Hoxe 12:00h
1ª Mini M.	CB Ribadeo	C. Artabra	Ribadeo	Mañá 12:00h
1ª Mini M.	Basket Ferrol	Estudiantes	J. G. Noya	Hoxe 10:00h
1ª Mini F.	Baxi Ferrol	Estudiantes	Ferrol	Hoxe 12:00h
1ª Mini F.	Pontumio	Ensino	Pontedeume	Hoxe 12:00h



Club Baloncesto Sarria CAMPAÑA SOLIDARIA NADAL 2019

O CB Sarria, en colaboración con Cáritas Interparroquial Sarria, organiza un ano máis a súa campaña solidaria do Nadal. Trátase de recoller libros, contos, tebeos, películas, música, xoguetes, etc. que non se usen para destinalo aos nenos e nenas máis necesitados da nosa contorna.

Para iso, xunto á fiestra do vestiario dos árbitros, habilitáronse dende o martes 10 de decembro catro caixas para deixar o que se doe. A campaña dirixese a toda a familia do CB Sarria (xogadores, adestradores, familias, directivos, colaboradores, etc.) pero igualmente aberta a quen queira participar nela.

Inicialmente durará ata os primeiros días do 2019, podendo prolongarse un pouco máis se fose necesario.

O CB Sarria e Cáritas Interparroquial Sarria agradecen a colaboración de todos, lembrando o papel social que xoga o deporte, neste caso o baloncesto.



FÚTBOL SALA

Hoxe, Burela PRIMEIRA DIVISIÓN FEMININA

O Burela FS feminino recibe en Vista Alegre ao UCAM ElPozo Murcia. O conxunto mariñaño, instalado na segunda posición da táboa con 34 puntos, parte como favorito ante un rival que chega a Burela dende o oitavo posto con 19 puntos tras impoñerse na pasada xornada ao Zaragoza por catro goles a un.

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F.	Burela	ElPozo	Vista Alegre	Hoxe 18:30h
2ª Div. B. M.	Ribeira	Ventorrillo	Municipal	Mañá 12:00h
2ª Div. B. M.	Leis	Prone Lugo	Leis	Hoxe 17:00h
2ª Div. B. M.	Xove	Boal	Xove	Hoxe 18:15h
3ª Nacional	Unión GR9	Lugo Sala	Culleredo	Mañá 12:00h
3ª Nacional	Ourense de Rei	Baña	Municipal	Mañá 17:00h
3ª Nacional	Coruxo	Vilalba	As Traviasas	Mañá 19:00h
3ª Nacional	Barreiros	Bueu	Municipal	Hoxe 19:00h
Preferente M.	San Amaro	Casás	San Amaro	Hoxe 20:00h
Preferente M.	Guitiriz	Alto do Vento	Guitiriz	Mañá 13:30h
Preferente M.	Begonte	Quiroga	Begonte	Hoxe 20:00h
Preferente M.	RB Coruña	Castroverde	A Coruña	Hoxe 17:30h
Preferente M.	Villa de Cee	Rábade	Municipal	Hoxe 20:00h
Preferente M.	Ordes	Os Meigallos	Castelao II	Hoxe 19:00h
Preferente F.	Monterroso	A Gaiola	A Cúpula	Hoxe 19:00h
Preferente F.	Fisober	Vilalba	Dumbria	Hoxe 17:30h
Aut. Xuv. M.	Ribeira	Poio	Frigsa	Mañá 16:30h
Aut. Xuv. M.	Begonte	ED Marín	Begonte	Mañá 12:30h
Aut. Xuv. M.	Sala Ourense	Os Meigallos	Ourense	Hoxe 19:00h
Aut. Xuv. M.	Pecheches	Vilalba	Berbéis	Hoxe 16:00h
Aut. Cad. M.	Guitiriz	Burela	Municipal	Mañá 19:00h
Aut. Cad. M.	Culleredo	Ribeira	Tarrio	Mañá 12:00h
Aut. Cad. M.	Casás	O Parrulo	Frigsa	Hoxe 18:00h
Aut. Cad. M.	Lugo Sala	Os Meigallos	Palomar	Hoxe 18:00h
Aut. Inf. M.	Guitiriz	Burela	Municipal	Mañá 17:30h
Aut. Inf. M.	Betanzos	Ribeira	Betanzos	Hoxe 16:30h
Aut. Inf. M.	Lumieira	O Parrulo	C. do Deporte	Hoxe 19:30h
Aut. Inf. M.	Lugo Sala	Os Meigallos		Hoxe 16:30h
Aut. Inf. F.	Castro	Burela	Castro	Mañá 11:30h
Aut. Alevín	Ex-Alcochóicos	Burela	Municipal	Mañá 17:00h
Aut. Alevín	Betanzos	Ribeira	Betanzos	Hoxe 18:00h
Aut. Alevín	Casás	O Parrulo	Frigsa	Hoxe 16:30h



VOLEIBOL

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Superliga 1	CV Emevé	Río Duero Soria	P. Municipal	Hoxe 17:30h
Superliga 2	CV Emevé	Covadonga	P. Municipal	Hoxe 20:00h
1ª Gal. F	Korbis	Dompavolei	A Pinguela	Hoxe 17:00h
1ª Gal. M	CV Emevé	Club Vigo	Palomar	Mañá 12:00h
2ª Gal. F	CV Emevé	CV Santiago	P. Municipal	Hoxe 17:00h
1ª Xuv. F	CV Emevé	Ribeira Sacra	P. Municipal	Mañá 12:00h
1ª Xuv. M	Voleibol Lugo	Calasancias	C. do Deporte	Hoxe 12:00h
1ª Xuv. M	CV Emevé	Club Vigo	C. do Deporte	Mañá 10:00h
2ª Xuv. F	Voleibol Lugo	Calasancias	C. do Deporte	Hoxe 12:00h
2ª Xuv. F	CV Emevé	Ribeira Sacra	P. Municipal	Mañá 10:00h
2ª Xuv. F	Korbis	Oleiros	A Pinguela	Hoxe 10:00h
1ª Cad. F	CV Emevé	Ribeira Sacra	C. do Deporte	Mañá 10:00h
1ª Cad. F	Korbis	Oleiros	A Pinguela	Hoxe 12:00h
1ª Cad. M	CV Emevé	Club Vigo	C. do Deporte	Mañá 12:00h
1ª Inf. F	CV Emevé	Ribeira Sacra	C. do Deporte	Mañá 12:00h
1ª Inf. F	Korbis	Oleiros	A Pinguela	Hoxe 10:00h
1ª Inf. M	CV Emevé	Maniotas	C. do Deporte	Mañá 10:00h
1ª Inf. M	Korbis	Oleiros	A Pinguela	Hoxe 12:00h
2ª Inf. F	CV Emevé	Ribeira Sacra	L. Augusti	Mañá 12:00h

BALONMÁN

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Territorial M.	BM Viveiro	Ourense CB	San Cibrao	Hoxe 17:00h
2ª Xuv. M.	Los Sauces B	BM Lucus	A Xunqueira	Mañá 12:30h
2ª Cad. M. 1	Teucro	BM Lucus	A Xunqueira	Mañá 12:00h
2ª Cad. M. 2	Porriño B	BM Viveiro	Porriño	Hoxe 10:30h
2ª Inf. M.	Arteixo BM	BM Viveiro	Arteixo	Hoxe 10:00h
Alev. Mixto	Xiria BM	BM Lucus	CEIP Fogar	Mañá 12:00h

RUGBY

Hoxe, Ferrol CONCENTRACIÓN ESCOLAS

Nesta ocasión os máis novos do Muralla Rugby Club desprázanse á Malata para unha concentración que comezará hoxe a partir das 11:00 horas

COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga Galega F.	Crat Coruña B	Muralla Rugby	Acea da Má	Mañá 12:00h
Liga Galega M.	Ourense	Muralla Rugby	Universitario	Hoxe 16:00h
Sub 14	Lalín	Muralla Rugby	Lalín	Mañá 12:00

DARDOS

COMPETICIÓN DARDOS

CATEGORÍA	LOCAL	VISITANTE
Parejas G A	Carlos y Samuel	Camilo y Roxo
Parejas G A	Jacobo y Joni	Danis y Brais
Parejas G A	Clavadores	Piplus y Dani
Parejas G A	Julián y Raúl	Tevo y Ferry
Parejas G A	Javi y Trusgo	Chacaritas
Parejas G B	Álex y Jose	Rubén y David y Ríos
Parejas G B	Richi y Karlos y Adry	Bar Mario
Parejas G B	Manu y J. Polo	Paradela y Capy
Parejas G B	Manu y Dani	Juan y Nelson
Parejas G B	Ortegal	Ramón y Eloy
Parejas G C	Lore y Sam y Samp	Xesús y Rodri
Parejas G C	Luis y Ibai	Mary y Gonza
Parejas G C	Alonso y Toirán	Bar Crustal
Parejas G C	Suso y López	Pablo y Alba y Álvaro
Parejas G C	Anxo y Leire	Álex y Diego
Liga Intern 1	Game of Darts	Los Polonios
Liga Intern 3	Politécnica Darts 1	Smardarts
Liga Intern 4	Bar O Chao	Orendarts
Liga Intern 4	Mesón K2 Darts	Goya
Liga Intern 5	Chacaritas	3 Poemas
Liga Intern 6	Os Cocodrilo	Ruxedarts Team
Liga Intern 7	K2 Paris Brothers	Pitufos 69
Liga Intern 9	A Bichería	Sapiens
Liga Intern 9	Pub Tibor	A Bichería
Liga Inter 10	Ruxedarts Team	A Fonte
Liga Inter 11	Século XXI	Os Miserables
Liga Inter 12	Politécnica Darts B	Players
Liga Inter 13	Bar Perfil	Bamboo
Liga Inter 14	Porco Ceña	Salgueira
Liga Inter 15	Os da Oficina	Norte
Liga Inter 16	Cristal Darts	A Banda
Liga Inter 17	Non Podemos	Caf Estas
Liga Inter 18	Carabelo	El Naoi
Liga Inter 19	Paradela Darts	Cruceiro
Liga Inter 20	Sin Tempo	Como en casa
Liga Inter 21	Politécnica Darts 3	Santa Cruz
Liga Inter 22	Ángeles del Infierno	Norte 2
Liga Inter 23	O Gaucho da Casa	Meira
Liga Inter 24	O Braseiro	Darts Team
Liga Inter 25	Breogán 1	Tiempos Modernos
Liga Inter 26	1 de Mayo	Languis

FÚTBOL

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª División	CD Lugo	Sporting Gijón	Anxo Carro	Mañá 18:00h
3ª División	Silva	Polvorín	A Coruña	Mañá 12:15h
3ª División	RC Villalbés	R. de Bouzas	A Magdalena	Mañá 16:00h
1ª Fem. Galega	Friol B	Antas	A Reigosa	Mañá 19:00h
2ª Fem. Galega	Chantada	Carballedo	Sangoñedo	Mañá 13:00h
2ª Fem. Galega	Comercial	CD Lugo	Sangoñedo	Mañá 17:00h
Preferente	Sarriana	Montañeros	A Ribela	Mañá 16:15h
Preferente	Noia	Lemos	San Lázaro	Mañá 17:00h
Preferente	Foz	Boiro	Martínez Otero	Mañá 16:00h
Preferente	Residencia	Boimorto	A Cheda	Mañá 16:30h
Preferente	Puebla	Ribadeo	Puebla	Hoxe 16:15h
Preferente	Viveiro	Sigueiro	Cantarrana	Mañá 12:00h
1ª Autonómica	Riotorto	Lourenzá	A Veiga	Mañá 12:00h
1ª Autonómica	Taboada	Santaballés	A Medela	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	Friol A	Xove Lago	A Reigosa	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	Castro	Burela	Arturo Pereiro	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	Chantada	Chantada	Sangoñedo	Mañá 16:30h
1ª Autonómica	Monterroso A	Outeiro de Rei	Cerdeiriños	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	SD Pol	Folgueiro	Manuel Luna	Mañá 16:30h
1ª Autonómica	San Roque	Pastoricense	O Polvorín	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Escairón	Guntín	O Saviñao	Mañá 16:30h
2ª Auto. Norte	Cabreiros	Barreiros	Da Cea	Hoxe 16:00h
2ª Auto. Norte	Guitiriz	Muimenta	Suso Cruz	Mañá 16:00h
2ª Auto. Norte	Alfoz	Candelaria	Municipal	Hoxe 16:00h
2ª Auto. Norte	Roupar	Mondoñedo	O Novo	Hoxe 16:00h
2ª Auto. Norte	Xermade	Abadín	Municipal	Mañá 16:00h
2ª Auto. Norte	Goiriz	San Ciprián	O Ventño	Hoxe 16:00h
2ª Auto. Norte	Cospito	Pontenova	A Fonte	Mañá 16:00h
2ª Auto. Norte	Iberia	Meira	As Valgas	Mañá 16:00h
2ª Auto. Sur	Paradela	Oural	O Gandarón	Mañá 16:00h
2ª Auto. Sur	Ferreira	Portomarín	O Balleño	Mañá 16:00h
2ª Auto. Sur	Brollón	Quiroga	Os Medos	Mañá 16:15h
2ª Auto. Sur	Bóveda	Corgo	Hnos. Somoza	Mañá 16:00h
2ª Auto. Sur	Palas	San Lázaro	Os Chacotes	Hoxe 16:00h
2ª Auto. Sur	O Páramo	Santa Comba	As Rapadas	Hoxe 16:00h
2ª Auto. Sur	Becerreá	Chantada B	Municipal	Mañá 16:30h
2ª Auto. Sur	O Incio	Río Sil	Carboeiro	Hoxe 16:00h

FÚTBOL VETERANOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Local	AD Agor	PV Montajes	Chacotes	Mañá 11:00h
DH Local	Albeiros	San Roque	A Cheda	Hoxe 18:00h
DH Local	Milagrosa	Residencia	L. Gorgoso	Hoxe 19:15h
DH Local	O Picato	Outeiro de Rei	A Cheda	Mañá 10:00h
DH Local	Garabolos	Peñarol	R. Lago	Luns 21:00h
DH Local	Corgo	R. Frain	A Cheda	Hoxe 16:00h
DH Local	Bretaña	Ferrovíaria	R. Lago	Mañá 10:00h
DH Local	As Gándaras	Comercial	R. Lago	Mañá 17:00h
DH Provincial	Taboada	Monterroso	A Medela	Hoxe 16:30h
DH Provincial	Guntín	Pastoricense	Ladaíro	Hoxe 16:30h
DH Provincial	SD Pol	Becerreá	Manuel Luna	Hoxe 16:15h
DH Provincial	Atl. Illán	Sarria	Os Comiñeiros	Mañá 11:30h
DH Provincial	Friol	Parga	A Reigosa	Hoxe 16:30h
DH Provincial	Sarriana	A Canteira	A Ribela	Hoxe 18:00h
DH Provincial	Trasnos	Castro	A Ribela	Hoxe 16:00h
DH Provincial	Abadinense	Gaios	A Magdalena	Hoxe 18:00h
1ª Provincial	Saavedra	Codesido	Saavedra	Mañá 11:00h
1ª Provincial	Sancobade	Rábade	Sancobade	Hoxe 16:00h
1ª Provincial	Albense	Lambruxos	Celso Lamas	Mañá 11:30h
1ª Provincial	SP Pontenova	Palas	A Mina	Hoxe 16:00h
1ª Provincial	Rabadense	Montouto	Catro Ventos	Hoxe 16:00h
1ª Provincial	Terra Chá	Begonte	A Fonte	Hoxe 16:00h
1ª Provincial	Momán	Santaballés	Da Veiga	Hoxe 16:15h

FÚTBOL BASE

Hoxe, As Gándaras DERBIS LIGA GALEGA CADETE E INFANTIL

CD Lugo e Viveiro cítanse na Liga Galega infantil e cadete nas Gándaras. Os cadetes empezan ás 12:30 no campo número 1 e os infantís no 2 a partir das 12:00 horas.

COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Xuvenil	CD Lugo	Atl. Perines	A Cheda	Mañá 12:00h
N. Xuvenil	RC Villalbés	Deportivo B	Roca	Hoxe 11:30h
N. Xuvenil	Lalín	CD Lugo B	M. A. Cortizo	Hoxe 16:30h
Galega Xuvenil	As Pontes	Residencia A	O Poblado	Hoxe 19:00h
Galega Xuvenil	Orillamar	RC Villalbés B	A Coruña	Hoxe 20:00h
Galega Xuvenil	Victoria B	Viveiro	A Coruña	Hoxe 16:00h
Honra Cadete	Arosa	CD Lugo	Manuel Jiménez	Hoxe 12:15h
Galega Cadete	Bergantiños B	Milagrosa	As Eiroas	Mañá 12:30h
Galega Cadete	Deportivo B	RC Villalbés	Abegondo	Hoxe 12:00h
Galega Cadete	CD Lugo B	Viveiro	R. Lago	Hoxe 12:30h
Galega Infantil	CD Lugo	Viveiro A	R. Lago	Hoxe 12:00h
G. Infantil Fem.	Umia	Milagrosa	Ribadumia	Hoxe 16:30h
G. Alevín Fem.	Milagrosa	Narón	Luis Gorgoso	Mañá 12:00h

FÚTBOL BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Inf. Promoción	Sarriana	Burela	A Ribela	Hoxe 12:00h
Inf. Promoción	Piringalla A	Residencia A	R. Lago	Hoxe 10:00h
Inf. Promoción	Ribadeo	Becerreá	Pepe Barrera	Hoxe 12:00h
Inf. Promoción	Milagrosa	Viveiro B	Luis Gorgoso	Hoxe 12:00h
Inf. Promoción	RC Villalbés A	CD Lugo B	A Magdalena	Hoxe 10:00h
Cadete Norte	Viveiro	Burela	Marcos Gómez	Mañá 11:00h
Cadete Norte	RC Villalbés B	Foz	A Magdalena	Mañá 11:00h
Cadete Norte	Lourenzá	Ribadeo	Santa Cruz	Mañá 11:00h
Cadete Centro	Sagrado	Casás	R. Lago	Mañá 12:00h
Cadete Centro	Piringalla A	Residencia B	L. Gorgoso	Mañá 10:00h
Cadete Centro	Polvorín A	Castro	O Polvorín	Mañá 12:00h
Cadete Sur	Becerreá	Piringalla B	Municipal	Mañá 12:00h
Cadete Sur	Monterroso	Residencia A	Cerdeiriño	Mañá 11:30h
Cadete Sur	Sarriana	Polvorín B	A Ribela	Mañá 12:00h
1ª Aut. Xuv.	Ribadeo	Sarriana	A Bovesa	Hoxe 16:00h
1ª Aut. Xuv.	San Roque	Residencia B	O Polvorín	Hoxe 16:00h
1ª Aut. Xuv.	Milagrosa	Xove Lago	Luis Gorgoso	Hoxe 16:00h
1ª Aut. Xuv.	Castro	Polvorín A	Arturo Pereiro	Hoxe 16:30h

FÚTBOL OITO BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Alevín Norte	Castro	RC Villalbés A	A Fonte	Hoxe 10:00h
Alevín Norte	Viveiro A	Stgo. De Foz	Marcos Gómez	Hoxe 17:30h
Alevín Norte	Burela A	Xove Lago	A Marosa	Mañá 11:00h
Alevín Sur	Casás A	CD Lugo B	R. Lago	Mañá 10:00h
Alevín Sur	Residencia	Polvorín A	A Cheda	Hoxe 11:00h
Alevín Sur	Sagrado A	Sarriana A	R. Lago	Hoxe 10:30h
Alevín Sur	CP Lucense A	Milagrosa A	R. Lago	Hoxe 16:00h
Benx. Norte	Ribadeo A	RC Villalbés A	Gregorio Sanz	Hoxe 11:00h
Benx. Norte	Viveiro A	Stgo. De Foz	Marcos Gómez	Hoxe 16:30h
Benx. Norte	Burela A	Xove Lago	A Marosa	Mañá 12:00h
Benx. Sur	CP Lucense A	CD Lugo B	R. Lago	Hoxe 10:30h
Benx. Sur	Milagrosa A	Polvorín A	Luis Gorgoso	Mañá 12:00h
Benx. Sur	Residencia	Piringalla A	A Cheda	Hoxe 11:00h
Prebenx Norte	Stgo. De Foz	RC Villalbés A	Municipal	Hoxe 13:00h
Prebenx Norte	Ribadeo A	Burela B	Gregorio Sanz	Hoxe 16:30h
Prebenx Norte	Burela A	RC Villalbés B	A Marosa	Hoxe 18:30h
Prebenx Sur A	Piringalla C	CP Lucense	R. Lago	Hoxe 17:15h
Prebenx Sur A	Corgo	Sagrado	Municipal	Hoxe 11:00h
Prebenx Sur A	Ferrovíaria A	Abuín	Luis Gorgoso	Hoxe 18:00h
Prebenx Sur B	Piringalla A	Polvorín A	R. Lago	Mañá 11:15h
Prebenx Sur B	Monterroso	Ferrovíaria B	Cerdeiriño	Hoxe 12:30h
Prebenx Sur B	CD Lugo A	Milagrosa B	R. Lago	Mañá 11:15h
Prebenx Sur C	Sarriana	CD Lugo B	A Ribela	Mañá 11:00h
Prebenx Sur C	Polvorín	Piringalla B	O Polvorín	Mañá 10:30h



REAL FEDERACIÓN
GALEGA DE FÚTBOL
Comité Galego de Adestradores



COMITÉ NACIONAL
DE ENTRENADORES

BOXING DAY SOLIDARIO

do adestrador galego

DE FÚTBOL SALA

16 DE DICIEMBRE DE 2019 · 19:30 H

SALÓN DE ACTOS DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL

RÚA SAN MARCOS S/N

LUGO



DAVID GONZÁLEZ PIÑÓN

Preparador Físico e Analista
da Selección Española Masculina

*A ¿preparación física?, desde
a perspectiva do adestrador e
o seu modelo de xogo*



JORGE GONZÁLEZ BASANTA

Adestrador Viaxes Amarelle e
Seleccionador Galego Feminino Sub-19

*Formación no
alto rendemento*

WWW.FUTGALES



INSCRIPCIÓN GRATUITA ATA
COMPLETAR AFORO: 150 PRAZAS

FILA CERO A BENEFICIO DE



A carreira Lugo Monumental cumprirá mañá 17 edicións

Este ano a carreira será de carácter solidario, xa que a organización donará un euro de cada inscrición de adultos á Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo

A carreira Popular Lugo Monumental gran premio Caixa-Bank celebrará este domingo e xa alcanzará a súa 17ª edición. Un percorrido polo centro de Lugo e o seu casco histórico, cunha característica única nun evento deste tipo, a posibilidade de disputar a parte final da proba sobre un Monumento Patrimonio Histórico da Humanidade. Ao longo dela os atletas participantes correrán por algúns dos máis fermosos emplacements da capital lucense, escoltados en todo momento polas pedras da Bimilenaria Muralla Romana de Lugo. A pretensión e o goteo constante de inscristos fai que os responsables da organización consideren que a carreira alcance os 1.500 participantes.

Unha das novidades nesta edición da Lugo Monumental será que terá un carácter solidario, polo que a organización donará un euro de cada inscrición dos participantes adultos á Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo. Os primeiros en tomar a saída, que se realizará desde a zona da Mosquera, na Rolda da Muralla, serán os participantes na categoría mini. Farano a partir das 11:00 horas para completar un percorrido de 370 metros. A competición absoluta terá a súa posta en escena a partir das 12:00 horas e os participantes terán que cubrir unha distancia de 10 quilómetros antes de chegar á meta.

Miguel Fernández, Concelleiro de Deportes, agradeceu a todas as entidades a súa colaboración e recordou que "esta proba, que está perfectamente consolidada e é moi demandada polos atletas participantes nas carreiras populares consolidase co paso das edicións", á vez que destacou os lugares emblemáticos da cidade polos que vai transcorrer, como a Muralla ou a Catedral.



O xa tradicional Torneo de Reis da SCD Milagrosa abrirá o 2020

O campo de Fútbol Luis López Gorgoso celebrará os días 2-3 e 4 de xaneiro un campionato xa referente no fútbol oito Provincial e Galego, no que participarán as categorías prebenxamín, benxamín e alevín

Agora que se aproximan as datas sinaladas do Nadal e como é tradición, o vindeiro mes de xaneiro celebrarase o XVIII Torneo de Reis da SCD Milagrosa. Un campionato referente a nivel Provincial e Galego para as categorías de fútbol oito, que se darán cita os días 2, 3 e 4 do próximo mes no Campo Municipal Luis López Gorgoso de Frígsa.

Nada máis arrincar o 2020 todos os amantes do deporte, e especialmente da base, poderán gozar dos partidos mais emocionantes de fútbol 8.

Nesta nova edición as categorías participantes seguirán sendo a Pre-benxamín -que realizará a fase de grupos o día 2 de xaneiro- Benxamín e Alevín -o 3 e 4 de xaneiro-, consolidando a competición feminina, as categorías Alevín e Infantil xa creadas en edicións anteriores, que xogarán o día 4 de xaneiro. Salvo os prebenxamíns, todas realizarán a súa fase de grupos o día 3 e a mañá do 4, deixando para a tarde as fases finais.

Polo tanto, as tres xornadas de competición serán en formato de mañá e tarde na instalación municipal de Luis López Gorgoso, Frígsa. Na categoría Prebenxamín participarán un mínimo de 8 equipos e un máximo de 32, asegurándose un mínimo de 2 partidos e un máximo de 6.

Nas categorías Benxamín e Alevín participarán un mínimo de 8 equipos e un máximo de 28 equipos, asegurándose un mínimo de 2 partidos e un máximo de 6. Na Alevín e Infantil feminino participarán un mínimo de 3 e un máximo de 6 equipos, cada categoría xogando un mínimo de 2 e un máximo de 6 encontros. O prazo de inscrición para todos os equipos interesados en participar remata o próximo 23 de decembro.



Xa está en marcha a conta atrás para que se celebre a terceira edición do Torneo de Nadal que organiza Lugo Sala, a fase autonómica do mesmo, que se celebrará o sábado 28 e domingo 29 de decembro, xa conta co 100% das prazas cubertas. Como sucedeu desde a primeira edición, este campionato ten unha gran repercusión na comunidade e unha vez máis diversos equipos quedarán fóra da competición ao alcanzarse rapidamente o número máximo de prazas que pode albergar o torneo.

Doutra banda, a fase nacional entrará en competición do 2 ao 4 de xaneiro do novo ano. Esta estará composta polos equipos que se clasifican da fase autonómica máis os convidados pola organización, que chegarán desde diversos puntos da xeografía española. A inscrición da mesma avanza a bo ritmo e en próximas datas daranse a coñecer todos os equipos que formarán parte desta nova edición do torneo.

CICLISMO

A ÁREA DE DEPORTES IMPULSA O GRAN FONDO CICLISTA ANCARES CYCLING, unha nova proba que se incluírá no calendario galego e que terá saída en Pedrafita e meta no Cebreiro o próximo 26 de xullo do 2020

A área de Deportes da Deputación de Lugo impulsa unha nova proba no calendario deportivo galego, o Ancares Cycling Marathon. Unha carreira de gran fondo que se celebrará o vindeiro 26 de xullo nos Ancares e que está chamada a converterse nun referente do ciclismo de alta montaña.

O deputado de Deportes Efrén Castro e o ex ciclista Ezequiel Mosquera, que lidera a organización do evento canda o Club Ciclista Cidade de Lugo, adiantaron que a proba terá a saída en Pedrafita e a chegada no Cebreiro. As inscricións para participar abríranse o vindeiro 29 de xaneiro, data en que se darán a coñecer os detalles do percorrido.

Ezequiel Mosquera indicou que os Ancares ofrecen un marco privilexiado para a celebración da proba "con paisaxes evocadoras, estradas con bo firme e pouco tráfico e múltiples opcións para deseñar un percorrido atractivo para os ciclistas".

O corredor explicou que "o ciclismo de carretera e a montaña teñen cada vez máis adeptos" e que "a organización se porá a traballar co obxectivo de chegar ao milleiro de participantes".

Impulso ao turismo deportivo

O Deputado Provincial, Efrén Castro subliñou que "o proxecto chega coa intención de quedarse" e remarcou "que o obxectivo é impulsar o turismo deportivo na zona durante o ano". Así avanzou que "se sinalarán os portos, distancias e pendentes medias, creando un percorrido que os afeccionados ao ciclismo poidan empregar máis aló dese data".

O deputado de Deportes "agradeceu a receptividade e colaboración" amosada polo alcalde de Pedrafita e deputado provincial José Luis Raposo e pola subdelegada do goberno Isabel Rodríguez, que tamén participaron na presentación da proba.

O Ancares Cycling Maraton toma a remuda do Desafío Volta a Lugo, que se viña organizando nos últimos anos na provincia. O cambio de formato toma como referencia o xa consolidado Gran Fondo do Ézaro, tamén impulsado por Ezequiel Mosquera.

"Vimos a aportar o coñecemento acumulado no Ézaro para sacar adiante unha proba do mesmo nivel na outra esquina de Galicia e en alta montaña", comparou o corredor.

A área de Deportes achegará para esta primeira edición que se disputará o próximo 26 de xullo 60.000 euros á organización do Ancares Cycling Marathon.



"ESTA PROBA CHEGA PARA QUEDARSE, XA QUE O OBXECTIVO É IMPULSAR O TURISMO DEPORTIVO NA ZONA DURANTE TODO O ANO"

EFRÉN CASTRO, Deputado Provincial

